


PRIMEIRA REPÚBLICA

(febreiro 1873 – decembro 1874)

**Proxecto de constitución federal.
Cantonalismo**



Figueras

Pi y Margall

Salmerón


Castelar



Serrano



- Tras a renuncia de Amadeo I, a **Asemblea Nacional** (Congreso + Senado) reforma a **Constitución** para poder **declarar a República** como forma de goberno.



- Proclamada o **11 de febreiro de 1873** por 258 votos a favor e 32 en contra, porén a maioría dos deputados e senadores eran monárquicos.

- Recibida con **entusiasmo** polas **clases populares** (desexosas de cambios sociais):



- Movements insurreccionais no campo pedindo reparto de terras.
 - Mobilizacións obreiras nas cidades esixindo redución de xornada, aumento de salarios...
 - Constitución de Xuntas revolucionarias polos republicanos federais.
- **Illamento internacional** (só recoñecida por USA, Suíza, Guatemala e Costa Rica)

- División dos republicanos:

- **Republicanos unitarios ou radicais** (CASTELAR).

- Partidarios dunha república unitaria e democrática.
 - Moderados nas propostas sociais.
 - Apoios entre a burguesía.


- **Republicanos federais** (PI I MARGALL)

- Partidarios dunha república federal e democrática.
 - Progresistas nas reivindicacións sociais (salarios, xornada laboral...)
 - Apoios na pequena burguesía e nas clases populares urbanas..
 - Divididos entre:

- Os **moderados, benévolos ou gradualistas** defendían a configuración da federación “desde arriba”.
 - Os **intransixentes ou cantonalistas**, a formación da federación “desde abaixo”, mediante a proclamación da independencia dos cantóns que logo, por acordos libres entre iguais, constituirían a federación.



- Dirixentes republicanos, partidarios da legalidade, disolven as Xuntas e reprimen as revoltas populares.
- Convocatoria de **eleccións** por sufraxio universal masculino (maiores de 21 anos).
 - Participación baixa (40%)
 - Maioría absoluta dos republicanos federais (Pi i Margall).



■	Partido Republicano Federal (346)
■	Radicais independentes (20)
■	Independentes Constitucionais e Conservadores (7)
■	Alfonsinos (3)
■	Outros (7)

REPÚBLICA DEMOCRÁTICA

Proclamación da República Democrática Federal
(7 xuño 1873)

Presidencia quedou en **Estanislao FIGUERAS**.

- Reformas:
 - Supresión de imposto de consumos e quintas,
 - Abolición da escravitude en Puerto Rico...
- Problemas: debilidade do goberno, división dos republicanos, falta de recursos, desorganización do exército, rexurdimento do conflito carlista, proclamación do Estado catalán...
- Dimisión (11 de xuño)



Presidencia de **Francesc PI I MARGALL**

Proxecto de Constitución Republicana Federal:

- **República federal** constituída por 17 Estados federados (incluídos Cuba e Puerto Rico), con autonomía económica, administrativa e política.
- **Presidente da República (Xefe do Estado)** elixido por sufraxio universal masculino: poder de relación entre os poderes, designa ó presidente do Goberno.
- **División de poderes:**
 - Lexislativo, na Asemblea Nacional Republicana: Senado (representativo dos Estados federados) + Congreso (elixido por sufraxio universal masculino)
 - Executivo (presidente do Goberno + ministros)
 - Xudicial (xuíces + xurados)
- **Autonomía municipal.**
- **Separación Igrexa-Estado.** Liberdade relixiosa.
- **Amplos dereitos e liberdades** (democrática, baseada na de 1869)



Doc. PROXECTO DE CONSTITUCIÓN FEDERAL DA REPÚBLICA ESPAÑOLA (Presentado ás Cortes Constituíntes el 17 de xullo de 1873)

A Nación Española, reunida en Cortes Constituíntes, desexando asegurar a liberdade, cumprir a xustiza e realizar o fin humano a que está chamada na civilización, decreta e sanciona o seguinte Código fundamental:

Título I. Da Nación Española

Art. 1º **Compoñen a Nación española os Estados de Andalucía Alta, Andalucía Baja, Aragón, Asturias, Baleares, Canarias, Castela a Nova, Castela a Vella, Cataluña, Cuba, Extremadura, Galicia, Murcia, Navarra, Puerto Rico, Valencia, Rexións Vascongadas.**

Título II. Dos españois e os seus dereitos

Art. 18. **Ningún español** que estea no pleno goce dos seus dereitos civís **poderá ser privado do dereito de votar** nas eleccións.

Art. 19. Tampouco poderá ser privado ningún español: Do dereito a **emitir libremente as súas ideas e opinións...** Do dereito de **reunirse e asociarse** pacificamente.. Do dereito de dirixir peticións individuais ás Cortes e ás demais autoridades da República

Art. 34. O **exercicio de todos os cultos é libre** en España.

Art. 35. Queda **separada a Igrexa do Estado**

Art. 36. Queda **prohibido á Nación ou Estado federal, ós Estados rexionais e ós Municipios subvencionar** directa o indirectamente **ningún culto.**

Título IV. Dos poderes públicos

Art. 45. **O poder da federación divídese en** Poder **lexislativo**, Poder **executivo**, Poder **xudicial** e Poder **de relación entre** estes **poderes.**

Art. 49. **O Poder de relación** será **exercido polo Presidente da República.**

- Momentos convulsos:
 - **Conspiracións** dos monárquicos **afonsinos** (Cánovas del Castillo).
 - Continuidade da **guerra en Cuba**.
 - **Continúa a insurrección carlista** (País Vasco, Cataluña, Maestrazgo...)



Guerra dos Dez Anos en Cuba (1868-78)



Carlistas arredor do seu candidato, Carlos VII

- **Cantonalismo**. Movemento complexo:
 - **Desexos autonomistas** (alentados por federalistas intransixentes). Declaracións de cantóns independentes, sobre todo no leste e no sur (Cartagena, Valencia, Murcia, Sevilla, Cádiz...).
 - **Ansias de revolución social** (avivadas polos internacionalistas da AIT). Mobilizacións e folgas de obreiros e campesiños esixindo melloras sociais, reparto de terras, democracia directa... En **Alcoi** derivaron en violencia (queima de fábricas, asasinato do alcalde...)



Intervención do exército para sufocala.



- A revolta de **Cartagena** durou 6 meses, noutros sitios foi máis breve ó ser reprimida coas armas.
- A represión debilitou ós republicanos, polas discrepancias sobre como actuar ante as revoltas cantonais e pola perda de apoios das clases populares (frustradas polo fracaso das revoltas e das reformas máis radicais)
- **Pi i Margall dimite** polas revoltas cantonais, a falta de acordo entre os republicanos para aprobar o proxecto de Constitución e as duras críticas de moitos deputados polas concesións ós cantonalistas.



Los conflictos carlista y cantonal durante la I República



«Castelar e comparsa, botáronse a tremar ante o movemento, que lles superaba; non tiveron máis remedio que ceder o poder a Pi i Margall, que intentaba unha transacción cos intransixentes. Pi era, de todos os republicanos oficiais, o único socialista, o único que comprendía a necesidade de que a República se apoiase nos obreiros. Así presentou enseguida un programa de medidas sociais de inmediata execución, que non só eran directamente vantaxosas para os obreiros, senón que, ademais, polos seus efectos, tiñan necesariamente que empuxar a maiores avances e, deste modo, polo menos poñer en marcha a revolución social. Pero os internacionais bakuninistas, que teñen a obrigaón de rexeitar ata as medidas máis revolucionarias, cando estas arrancan do «Estado», preferían apoiar ós intransixentes máis extravagantes antes que a un ministro (...) A puñalada trapeira deste levantamento, organizado sen pretexto algún, imposibilitou a Pi i Margall para seguir negociando cos intransixentes. Tivo que dimitir; substituírono no poder os republicanos puros do tipo de Castelar, burgueses sen disfrazar, cuxo primeiro designio era dar ó traste co movemento obreiro, do que antes se serviran, pero que agora lles estorbaba»

F. ENGELS, *Os bakuninistas en acción*.

Nicolás SALMERÓN elixido presidente (18 de xullo 1873) co apoio dos monárquicos.

- **Firmeza contra os cantonalistas:**

- Expedientes ás autoridades participantes nas revoltas.
- Envío do exército para rematar coa insurrección cantonal



Fin das revoltas, pero incremento do poder dos xenerais participante na represión (Martínez Campos e Pavía) e do exército (garante da orde)



- **Líderes cantonalistas condenados a morte por tribunais militares.**
- Salmerón, contrario á pena capital, négase a firmar as penas (o decreto que permitía ó exército aplicar a pena de morte sen intervención de tribunais civís) e dimite (5 setembro 1873)

Emilio CASTELAR asume a presidencia. Republicano unitario e conservador. Reduce as sesións parlamentarias, goberna de forma autoritaria co respaldo dos conservadores e cede amplas competencias ós xefes militares para que manteñan a orde.




- Castelar perde a confianza dos parlamentarios, que presentan unha moción de censura.

- Ante a inminente formación dun goberno republicano de esquerdas, o capitán xeneral Manuel **Pavía** esixe a disolución das Cortes e **invade o hemiciclo** acompañado da Garda Civil (4 xaneiro).



REPÚBLICA AUTORITARIA (xaneiro – decembro 1874)

- **Serrano** asume a presidencia do Goberno Republicano. Disolve as Cortes, goberna de forma autoritaria, derroga as reformas sociais aprobadas no período anterior, ilegaliza a ALT, remata coa revolta cantonal e debilita ós carlistas.
- **Cánovas del Castillo**, monárquico afonsino que consegue os apoios dos conservadores, logra a **abdicación de Isabel II** no seu fillo Alfonso e que este asine o **Manifesto de Sandhurst** (1 de decembro 1874) presentando a nova monarquía borbónica como liberal-conservadora, católica e garante da estabilidade política e da orde social.



ABDICACION DE DOÑA ISABEL DE BORBON EN FAVOR DE SU HIJO DON ALFONSO.



"Por virtude da espontánea e solemne abdicación da miña augusta nai, tan xenerosa como infortunada, son único representante eu do dereito monárquico en España [...] Afortunadamente a Monarquía hereditaria e constitucional posúe nos seus principios a necesaria flexibilidade e cantas condicións de acerto fan falta para que todos os problemas que traia o seu restablecemento consigo sexan resoltos de conformidade cos votos e a conveniencia da nación.

Non hai que esperar que decida eu nada de plano e arbitrariamente; sen Cortes non resolveron os negocios arduos os Príncipes españois alá nos antigos tempos da Monarquía, e esta xustísima regra de conduta non hei de esquecerla eu na miña condición presente, e cando todos os españois están xa habituados ós procedementos parlamentarios. Chegado o caso, fácil será que se entendan e concerten as cuestións por resolver un príncipe leal e un pobo libre.


Nada desexo tanto como que a nosa patria o sexa de verdade. A ilo ha de contribuír poderosamente a dura lección destes tempos, que si para ninguén pode ser perdida aínda o será menos para as honradas e laboriosas clases populares, vítimas de sofismas pérfidos o de absurdas ilusións.

Canto se está vivindo ensina que as nacións máis grandes e prósperas, e onde a orde, a liberdade e a xustiza se admiran mellor, son aquelas que respectan máis a súa propia historia. [...].

[...] Sexa o que queira a miña propia sorte, nin deixarei de ser bo español, nin como todos os meus antepasados, bo católico, nin, como home do século, verdadeiramente liberal."


Manifesto de Sandhurst. 1 de Decembro de 1874. Alfonso XII

- O pronunciamento de Arsenio **Martínez Campos** en Sagunto (29 de decembro de 1874), proclamando rei a Alfonso XII, adianta a volta á monarquía. Remataba o Sexenio Democrático e iniciaba a Restauración Borbónica.





MONARQUÍA	GOBIERNO PROVISIONAL		MONARQUÍA		REPÚBLICA	
ISABEL II	GOBIERNO DE LOS GENERALES SERRANO Y PRIM		AMADEO I		REPÚBLICA FEDERAL	REPÚBLICA UNITARIA
1868	1869	1870	1871	1872	1873	1874
- Revolución de septiembre: la "Gloriosa" - Caída de Isabel II	- Elecciones por sufragio universal masculino - Constitución democrática - Insurrecciones republicanas	Asesinato de Prim	Inicio del reinado de Amadeo I	- Abdicación Amadeo I - Insurrecciones federalistas	- Proclamación de la I República - Proyecto de Constitución federal	- Pronunciamiento de Martínez Campos - Movimiento Cantonalista - Golpe de Estado de Pavía. Disolución de la República federal
					SEGUNDA GUERRA CARLISTA	
GUERRA DE LOS DIEZ AÑOS EN CUBA						



DESDE ALCOLEA A SAGUNTO, PASANDO POR VARIOS PUNTOS.....